
ANTONI GAUDÍ

Texto e ilustracións de DÀLIA ADILLON MARSÓ

Tradución de XOSÉ BALLESTEROS

Encadernado en cartón. 22 x 22 cm. 36 páx. 13 €.

FINALISTA DO VII PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA DE ÁLBUM ILUSTRADO

Antoni Gaudí (galego)

ISBN 978-84-8464-926-7. Demademora.

Antoni Gaudí (castelán)

ISBN 978-84-8464-922-9. Libros para soñar.

Antoni Gaudí (catalán)

ISBN 978-84-8464-923-6. Llibres per a somniar.

Antoni Gaudí (inglés)

ISBN 978-84-8464-924-3. Books for dreaming.

Antoni Gaudí naceu en Riudoms, un lugar cerca de Reus, nunha casa rodeada de bosque.

Antoni era o máis pequeno de cinco irmáns.

Gustáballe moito xogar a facer construcións, e así pasaba horas e horas...

Dàlia Adillon leva a vida e a obra do arquitecto modernista Antoni Gaudí (Reus, 1852 - Barcelona, 1926) ás páxinas dun álbum ilustrado para achegar os máis pequenos -dun xeito pedagóxico- ao mundo da cultura, da arte e da arquitectura. A súa casa natal e o seu ámbito familiar, a súa traxectoria persoal e o seu legado profesional, ata o percance que lle causou a morte -tratado sutilmente- son os episodios narrados nesta obra, cun texto breve e sinxelo.


Destaca o protagonismo da natureza, que tanto marcou o estilo orgánico, xeométrico e voluminoso de Gaudí no deseño do Parque Güell, da Pedrera, da Casa Batlló ou da Sagrada Familia, representados neste libro.

“A orixinalidade consiste en volver á orixe”, dicía Gaudí, que buscaba a inspiración na natureza. Este álbum, que reivindica a importancia do medio natural, fíxase na súa capacidade de observación e preséntao como un naturalista, un arquitecto-xardineiro que contribuíu a facer de Barcelona unha urbe máis verde e alegre.

Este libro permite apreciar o traballo de documentación previo e invita os lectores a percorrer -física ou virtualmente, como unha guía turística- as rúas e prazas da Cidade Condal seguindo o plano das gardas, onde Dàlia Adillon marca a ubicación das principais construcións creadas por Gaudí.

www.**Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com



■ **Temática:** pequena biografía ilustrada do arquitecto Antoni Gaudí.

■ **Idade recomendada:** a partir de 4 anos.

■ **Aspectos destacables:** texto breve; enfoque pedagóxico; cultura, arte, arquitectura, natureza; elementos simbólicos relacionados coa obra de Gaudí: flores, plantas, o seu característico dragón; detalle do plano de Barcelona nas gardas do libro; guía turística; proceso de documentación; mención no VII Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado.

Dàlia Adillon Marsó

(Roda de Ter, 1986)

Licenciada en Belas Artes pola Universidade de Barcelona. Especializouse en ilustración na Escola Massana e completou a súa formación no Istituto Superiore per le Industrie Artistiche de Urbino (Italia). Gañou o II Premio Apila Primera Impresión 2014, recibiu unha mención no VII Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado 2014 e foi seleccionada no V Catálogo Iberoamericano de Ilustración 2014. Participou en exposicións individuais e colectivas en Cataluña, Roma, México e China.
<http://daliaadillon.com>

